

O segundo sexo vol II: “A experiencia vivida”

"Non se nace muller, chégase a selo. Ningún destino biolóxico, psíquico, económico, define a imaxe que reviste a femia humana no seo da sociedade; é o conxunto da civilización o que elabora este produto intermedio entre o macho e o castrado que se cualifica de feminino.(1) Só a mediación dos demais pode consituír a un individuo como un Outro.(2) Namentres que a criatura exista só para si, non podería captarse como sexualmente diferenciada.(1b)

Entre as nenas e os nenos, o corpo é, en primeiro lugar, o resplandor dunha subxectividade, o instrumento que efectúa a comprensión do mundo: eles apprehenden o universo a través dos ollos, as mans, e non a través das partes sexuais. (3)

Tema principal: “A identidade feminina como construción social”.

Ideas principais:

1. “A identidade feminina é en gran medida unha construción social que non vén determinada exclusivamente pola bioloxía nin polas condicións materiais.”
2. A identidade feminina constrúese como unha alteridade (o “outro”, o obxecto) da masculina (suxeito) nunha dialéctica semellante a do amo e o escravo de Hegel.
3. O corpo non é un mero conxunto anatómico, senón un corpo vivido: o medio a través do cal o suxeito interactúa e comprende o mundo. Esta experiencia non se articula a través dos órganos sexuais, polo que homes e mulleres non están determinados polo sexo biolóxico nas súas capacidades iniciais, aínda que o sistema patriarcal introduza posteriormente desigualdades na súa educación e experiencia.

Ideas secundarias:

1. (derivada de 2) A identidade de xénero non nace exclusivamente da experiencia interna e subxectiva do individuo, senón da relación coa sociedade.